

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 30 DE AGOSTO DE 2021.

PRESIDENTA:

A alcaldesa en funcións, D.^a María Guadalupe Pombo Carril

ASISTENTES:

D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

NON ASISTE:

D. José Ramón Rioboo Castro

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanessa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e catro minutos do día trinta de agosto do ano dous mil vinte e un, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa en funcións, D.^a María Guadalupe Pombo Carril (Resolución da alcaldía do día trinta de agosto de dous mil vinte e un), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Non asiste á sesión o Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 23 DE AGOSTO DE 2021.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e tres de agosto de dous mil vinte e un, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por seis votos a favor (da Sra. alcaldesa en funcións, Pombo Carril, e dos/as Sres./as concelleiros/as, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Liñares Gestal, Iglesias Becerra e Seijas González) e coa abstención da Sra. concelleira, Méndez Sánchez, a cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 23 de agosto de 2021.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Anuncio do 24 de agosto de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á delegación da competencia, na concelleira D.^a Penélope López Díaz, para a celebración do matrimonio civil entre P.G.R. e E.M.A. o día 20 de agosto de 2021 ás 13.30 horas.

- Anuncio do 24 de agosto de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á delegación da competencia, na concelleira D.^a María Beatriz Pérez Mosquera, para a celebración do matrimonio civil entre M.C.B. e M.R.M. o día 27 de agosto de 2021 ás 13.00 horas.
- Anuncio do 24 de agosto de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á delegación da competencia, na concelleira D.^a Marta María Figueroa Fuentes, para a celebración do matrimonio civil entre E.T.R e M.AL.C. o día 28 de agosto de 2021 ás 13.00 horas.
- Anuncio do 24 de agosto de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á delegación da competencia, no concelleiro D. Abraham Seijas González, para a celebración do matrimonio civil entre L.T.M. e J.A.B. o día 28 de agosto de 2021 ás 13.30 horas.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións emitidas dende a Concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

C.I.F. P-1503100-H

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
28/06/2021	1200	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e declarar concluso o procedemento.	***5235**	
30/06/2021	1204	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de dúas horas á semana (agás festivos).	***8042** ***9607**	
30/06/2021	1205	Declarar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e procédese ao arquivo do expediente.	***3447**	
30/06/2021	1206	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha	***8213**	

C.I.F. P-1503100-H

		intensidade de cinco horas á semana (agás festivos).		
30/06/2021	1209	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e declarar concluso o procedemento.	***1020**	
30/06/2021	1210	Conceder unha ampliación no servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos). Conceder o Xantar na Casa para os sete días da semana e dar traslado desta resolución ó Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.	***3430** ***1208**	
02/07/2021	1222	Conceder unha ampliación no Servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de dez horas á semana (agás festivos).	***0418**	
05/07/2021	1231	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de dúas horas á semana (agás festivos). Denegar o Servizo de Teleasistencia domiciliaria por exceder a capacidade económica ata 2,5 veces o IPREM actualmente en vigor.	***2590**	
05/07/2021	1232	Conceder unha ampliación no Servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos).	***4278**	
05/07/2021	1233	Conceder o servizo municipal	***7263**	

C.I.F. P-1503100-H

		de axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos). Denegar o Servizo de Teleasistencia domiciliaria por exceder a capacidade económica ata 2,5 veces o IPREM actualmente en vigor.		
05/07/2021	1234	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de dúas horas á semana (agás festivos). Denegar o servizo municipal de axuda a domicilio por non acadar a puntuación mínima de 30 puntos.	***8951** ***4906**	
05/07/2021	1235	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos).	***7883**	
05/07/2021	1236	Conceder o Xantar na Casa para os sete días da semana e dar traslado desta resolución ó Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.	***8213**	
08/07/2021	1284	Declarar o desestimento da súa solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e procédese ao arquivo do seu expediente.	***3385**	
08/07/2021	1297	Denegar a solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar formulado polo seu ingreso na Residencia de Maiores de Viana do Bolo.	***7976** ***8933**	
08/08/2021	1298	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de dez horas á semana (agás festivos).	***8242**	
08/08/2021	1299	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de tres horas á semana (agás festivos).	***7334**	

14/07/2021	1324	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos).	***6436**	
------------	------	--	-----------	--

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
17/06/2021	1145	Concesión dunha axuda económica.	****5986*	Pago do recibo de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2020 e 1º, 2º e 3º trimestre de 2021. Pago de recibo de electricidade, correspondente a oito meses de 2021. Pago de recibo de gas, correspondente a oito meses de 2021. Pago de recibo de comunidade correspondente a doce meses de 2021 (30€/mes),	
28/06/2021	1196	Concesión dunha axuda económica.	***1825**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xanerio, febreiro e marzo (367,62€/mes) e 26,94€ en abril de 2021.	1129,80€
28/06/2021	1198	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***4573**	Pago do recibo de electricidade correspondente ao mes de maio de 2021.	22,36€
08/07/2021	1296	Conceder unha axuda económica.	****3376*	Pago de aluguer correspondente aos	1129€

C.I.F. P-1503100-H

C.I.F. P-1503100-H

				meses xanerio, febreiro, marzo e abril (260€/mes) e parte de maio (89€) de 2021.	
14/07/2021	1321	DENEGAR as axudas para abono de recibos de subministración por non quedar debidamente acreditada a situación de necesidade mediante a presentación de documentación.	***7137**		
14/07/2021	1322	DENEGAR as axudas para abono dos gastos derivados das necesidades básicas da vivenda habitual, por incumprimento dos requisitos xerais do regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social, artigo 5.2.	***0108**		
14/07/2021	1323	Conceder unha axuda económica	***0499**	Pago de hipoteca correspondente aos meses xaneiro (169€), febreiro (169,29€), marzo (169,58€), abril (165,51€), maio (165,82€), xuño (166,12€) e parte de xullo (123,68€) de 2021.	1129€

***TARXETA ESTACIONAMIENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
28/06/2021	1197	Conceder unha copia da tarxeta de estacionamiento por extravío por razón de discapacidade, con validez en todo o territorio da	***4307**	Vixencia desde o 16/01/2019 ata o 16/01/2029

		Comunidade Autónoma de Galicia.		
28/06/2021	1199	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	***2929**	Vixencia de 10 anos
**SUBVENCÍONS SOLICITADAS:				
Data da resolución	Nº resolución	OBXECTO	IMPORTE	ORGANISMO
15/06/2021	1126	Solicitar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento	1.162.420,28 € co seguinte detalle: •Persoal: 174.978,00 € •Mantemento: 00,00 € •Axuda no fogar: * Modalidade de prestación básica do Plan Concertado: 300.000,00 € * Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 687.442,28,00 € •Xestión de Programas: 00,00 € •Investimento: 00,00	Consellería de Política social
06/07/2021	1253	Xustificación da subvención concedida a esta entidade ao abeiro da Orde do 16 de setembro de 2019 pola que se aproban bases reguladoras para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de	Importe total 48.303,58 euros.	A Xunta de Galicia a través da consellería de sanidade

C.I.F. P-1503100-H

		concellos ou agrupacións de concellos		
--	--	---------------------------------------	--	--

”

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta e oito minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
A alcaldesa en funcións
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H